
O PARAUGAS AMARELO

Texto de JOEL FRANZ ROSELL

Ilustracións de GIULIA FRANCES CAMPOLMI

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartonné. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

O paraugas amarelo (galego)

ISBN 978-84-8464-778-2. MareMar.

El paraguas amarillo (castelán)

ISBN 978-84-92608-48-5. Libros para soñar.

L'ombrello giallo (italiano)

ISBN 978-88-95933-37-5. Libri per sognare.

Naquela época todos os paraugas eran de cor negra, parda ou, se acaso, azul de Prusia ou verde escuro. Así que, cando na fábrica apareceu aquel paraugas amarelo, todo o mundo ficou pampo. Un paraugas de semellante cor non estaba previsto na programación nin nos catálogos nin nos pedidos...

Nunha cidade gris e con xente gris, o operario dunha fábrica de paraugas comete a ousadía de saltar as normas establecidas e fabricar un paraugas amarelo malia que o que se leva son os paraugas de cor negra, marrón, verde e azul escuro. O relato de Joel Franz Rosell reivindica, pois, a liberdade e a creatividade fronte á rutina e ás convencións impostas.

Fala tamén da disxuntiva entre satisfacer os nosos soños persoais e a posibilidade de serlles útiles aos demais; o paraugas humanizado que protagoniza este conto non aspira a un destino diferente do de calquera outro paraugas: mollarse coa chuvia. Quedar exposto nun escaparate, agardando a que algún cliente se fixe nos obxectos de saldo dun tendero anodino, é unha terrible frustración. Pero cando se lle ofrece a oportunidade de encher de cor e de ledicia a vida de moitas persoas, o paraugas amarelo segue arelando o seu simple soño de protexer cabezas baixo as nubes.

As ilustracións de Giulia Frances Campolmi reflicten o ánimo do paraugas amarelo: a triste estadía na tenda, o humor, o colorido, a diversión e a fantasía da súa faceta de artista. Destaca o lirismo do texto -“os orballos primaverais, as bategadas do verán, os trebóns outonais e os chuvascos do inverno”- e o tratamento cromático das imaxes, que recrean o ambiente urbano a base de tons grises nos que contrasta “un pequeno sol que resplandece no medio da chuvia”.



-
- **Temática:** a liberdade e a creatividade fronte ás convencións e á rutina; a disxuntiva entre soños persoais e utilidade social.
 - **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
 - **Aspectos destacables:** do autor de “Paxaros na cabeza” (distinguido co Premio La Rosa Blanca e The White Ravens) e “Don Agapito o apesarado” (ambos en Kalandraka); lirismo do texto literario; simbolismo do tratamento cromático, contrastando tons escuros con cores luminosas.
-

Joel Franz Rosell

(Cruces, Cuba, 1954)

Escritor, ilustrador, crítico, profesor e xornalista. Viviu en Cuba, Brasil, Dinamarca, Argentina, España e Francia, países nos que escribiu numerosos libros para nenos. Algunhas obras súas foron adaptadas para televisión, radio, cómic e fotonovela, teatro e narración oral, principalmente no seu país natal. Tamén publicou traballos de crítica e de ensaio en xornais e revistas de Europa, América e Asia. Entre outros recoñecementos, obtivo a distinción The White Ravens (Biblioteca Internacional da Xuventude, Alemaña) en 1996 e 2005, o Premio La Rosa Blanca (Unión de Escritores e Artistas de Cuba, seis veces entre 1995 e 2005) e o Premio da Cidade de Cherburgo (Francia, 2001). <http://elpajarolibro.blogspot.com/>

Giulia Frances Campolmi

(Florencia, 1980)

Graduada en Deseño e Teatro na Escola de Arte Central St. Martins de Londres, dende 2004 traballa como deseñadora de escenografía teatral e vestuario tanto en Italia como en Inglaterra, para montaxes que se representan internacionalmente. Participou en exposicións con obras de instalación e performance. Pola súa afección, dende a nenez, aos libros ilustrados, realizou o Master en Ilustración 'Ars in Fabula' da Academia de Artes de Macerata. “O paraugas amarelo”, creado precisamente durante ese curso, é o seu primeiro libro. <http://giuliafrances.blogspot.com/>